

VIEIROS

Irlanda

Edición xestionada por [María Golpe](#)

Congreso

A cultura galega contemporánea a exame en Cork

Coincidindo co décimo aniversario do Centro de Estudos Galegos da UCC.

María Golpe - 11:00 23/06/2008

O Irish Centre for Galician Studies e o Department of Hispanic Studies de University College Cork (UCC) celebran o décimo aniversario do Centro de Estudos Galegos da UCC co congreso internacional "Sobre o tempo e as palabras: a cultura galega contemporánea a exame", dende o mércores 25 de xuño até o venres 27 de xuño.

Xurxo Souto, Anxo Quintela, María Liñeira e Miguel Anxo Murado son algúns dos participantes no congreso, no que se debaterán diversos aspectos da cultura contemporánea galega.

O congreso, de entrada gratuíta, incluírá tamén a presentación do libro *From the Beginning of the Sea: Anthology of Contemporary Galician Short Stories*, do Centro de Estudos Galegos de The Queen's College, Oxford.

Para máis información, [descarga o pdf do programa](#).